

A PIE DE CALLE



SANDRA ALONSO

XURXO MARTÍNEZ

Escritor e filólogo

«A figura de Luís Soto foi clave no nacionalismo marxista»

L. P. SANTIAGO / LA VOZ

No *xantar da Rocha* (1964) foi un dos creadores da Unión do Pobo Galego (UPG), o miolo do nacionalismo galego artellado arredor do Bloque Nacionalista Galego (BNG). Chamábase Luís Soto e a súa figura foi agochada porque decantouse do bando dos perdedores. Así o explicou onte o vigués Xurxo Martínez González —28 anos, licenciado en Filoloxía Galega— na presentación do seu libro *Luís Soto. A xeira pola unidade galega* (Edicións Xerais, Vigo, 2012) na Librería Couceiro. «A figura de Luis Soto é clave porque foi o gran ideólogo dun nacionalismo galego de inspiración marxista», di Xurxo Martínez, quen se refire a Soto como «vencido por partida dobre: non só pola guerra civil senón tamén pola historia moderna do nacionalismo galego». De Soto sabíase que acompañou a Castela no seu exilio de Cuba e Estados Unidos e que dirixiu Vieiros. «Pero foi moito máis: un loitador social toda a súa vida dende os tempos da República», di Xurxo Martínez.